



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Contabilidade	Código	611G01020	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Muiño Vazquez, María Flora	Correo electrónico	flora.muino@udc.es	
Profesorado	Muiño Vazquez, María Flora	Correo electrónico	flora.muino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introducir ao alumnado nos conceptos básicos relativos ao proceso de elaboración, comunicación e interpretación da información financeira.			
Plan de continxencia	<p>Se a situación sanitaria así o require, cabe a posibilidade de que parte ou toda a docencia presencial teña que ser virtualizada. A planificación docente presentada xa foi deseñada para ser compatible con este escenario, polo que non será necesario realizar cambios. De darse esta situación, as clases presenciais pasarán a ser impartidas por videoconferencia síncrona e as probas de avaliación, orais ou escritas, realizaranse tamén de xeito virtual.</p> <p>1. Modificacións nos contidos Non é necesario.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas, coa excepción de que a docencia será realizada por videoconferencia síncrona. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Xa está prevista, no escenario de presencialidade, a atención personalizada virtual.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non son necesarias, coa excepción de que as probas, orais ou escritas, serán realizadas de xeito virtual. *Observacións de avaliación: Non hai.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai. A bibliografía proposta cubre toda a materia e comprende varias referencias que están dispoñibles en versión electrónica a través da biblioteca da UDC.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer o método contable e o seu output: os estados financeiros.	A1 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A12	B2 B7	C3
Rexistrar contablemente, presentar e interpretar calquera transacción económica básica.	A1 A2 A3 A4 A5 A9		C3 C5
Analizar e interpretar o contido dos estados financeiros.	A1 A2 A3 A9 A10 A12	B2 B3 B4 B5	C6 C7
Capacidade para aprender de xeito autónomo, buscando a solución a novos problemas a través da aplicación dos coñecementos adquiridos.	A7 A9	B1 B3 B5 B6 B8	C3 C6
Capacidade para traballar en equipo de maneira consultiva.	A7 A11 A13	B4 B9	C1 C7 C8
Ter un comportamento ético nos negocios.	A1 A2		C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Primeira parte: Fundamentos básicos da contabilidade	
Tema 1: Decisións empresariais e contabilidade financeira	1.1. Actividade empresarial e necesidade de información 1.2. Usos e usuarios da información financeira e non financeira 1.3. Normativa para a elaboración da información
Tema 2: O balance de situación	2.1. Propósito do balance de situación 2.2. Compoñentes do balance de situación 2.3. Transaccións e balance de situación
Tema 3: A conta de resultados e o estado de fluxos de efectivo	3.1. Propósito da conta de resultados 3.2. Formato da conta de resultados 3.3. Relación entre conta de resultados e balance de situación 3.4. Fluxos de efectivo: cobros e pagos
Tema 4: O método contable	4.1. Análise das transaccións. Principio de dualidade 4.2. Rexistro de transaccións. O esquema de cargos e abonos



Tema 5: Rexistros contables	5.1. Anotacións no libro diario 5.2. Traspaso do libro diario ao libro maior 5.3. Balance de comprobación e estados financeiros
Tema 6: O ciclo contable	6.1. O exercicio contable 6.2. Rexistro de transaccións 6.3. Axustes previos ao peche de exercicio 6.4. Preparación de estados financeiros 6.5. Peche de contas temporais
Segunda parte: Análise e interpretación de estados financeiros	
Tema 7: O contido dos estados financeiros	7.1. Estrutura e contido dos estados financeiros básicos. 7.2. Estados financeiros comparativos e gráficos para estudar a evolución ao longo do tempo 7.3. Comparacións entre empresas; utilidade das porcentaxes verticais
Tema 8: Estudo da rendibilidade	8.1. Rendibilidade económica 8.2. Rendibilidade financeira 8.3. Débeda e rendibilidade
Tema 9: Solvencia	9.1. Endebemento 9.2. Cobertura de intereses 9.3. Capacidade de xerar fluxos de efectivo
Tema 10: Liquidez e eficiencia	10.1. Activos e pasivos correntes 10.2. Estudo das rotacións e dos prazos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A7 A8	7	14	21
Discusión dirixida	A4 A5 A9 A11 A13 B4 B6 B8 B9 C4 C6	7	12	19
Obradoiro	A6 A10 A12 B2 B1 B3 B5 B7 C1 C3 C5 C7 C8	11	22	33
Prácticas a través de TIC	A7 A9 A10 B2 B3 C3	11	22	33
Presentación oral	A9 A10 A13 B2 B3 B4	3	12	15
Foro virtual	A13 B3 B4 C3	0	2	2
Proba de resposta múltiple	A4 B2	1	4	5
Proba obxectiva	A4 B2	2	8	10
Eventos científicos e/ou divulgativos	B5 C7 C5	2	0	2
Proba práctica	A9 A12 B2 B3 C3	2	4	6
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición, feita polos docentes, dos conceptos básicos necesarios para que os estudantes poidan buscar solución aos problemas contables tratados no programa.
Discusión dirixida	Preparación dos temas formulados polo profesorado da materia e participación na discusión dos mesmos na aula.



Obradoiro	Traballo individual e en grupo, guiado polo profesorado da materia, para a resolución, presentación e discusión de exercicios e casos prácticos.
Prácticas a través de TIC	Utilización de software de contabilidade para a teneduría de libros e a preparación de estados financeiros, uso da folla de cálculo, tanto para o rexistro de transaccións, como para desenvolver a análise de estados financeiros e emprego de ferramentas de presentación para a defensa do traballo na aula.
Presentación oral	Presentación na aula dun traballo realizado en equipo e seguindo as orientacións do equipo docente da materia.
Foro virtual	Utilización do foro de Moodle para propor dúbidas e/ou responder ás preguntas dos compañeiros sobre calquera aspecto relacionado ca materia, fundamentalmente, para a resolución dos casos prácticos.
Proba de resposta múltiple	Durante o curso realizarase unha proba intermedia sobre aspectos teóricos e prácticos sen previo aviso.
Proba obxectiva	Exame final, escrito e/ou oral sobre aspectos teóricos e prácticos.
Eventos científicos e/ou divulgativos	De organizarse na FEE eventos tales como conferencias, coloquios, mesas redondas, ... de interese para os estudantes desta materia, indícaráselles que deben asistir ou visualizar o vídeo, de seren gravados.
Proba práctica	Probas asociadas ao obradoiro e ás prácticas a través de TIC e deseñadas para avaliar o traballo realizado polos estudantes fóra da aula para resolver os exercicios e casos prácticos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Prácticas a través de TIC Presentación oral	Os problemas contables propostos para a súa resolución na aula teñen por obxecto afianzar a comprensión dos conceptos e da técnica contable. Para isto, o estudante será guiado polo docente de xeito que poda chegar á solución/s dos problemas que se lle propoñen. Adicionalmente, por medio das titorías, o profesorado da materia guiará a preparación das cuestións propostas para discutir na aula e a resolución das tarefas deseñadas para realizar fóra da aula. Por último, as titorías en grupo estarán destinadas a apoiar o resto da docencia e a realizar un seguimento do traballo levado a cabo polos estudantes fóra da aula.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A4 B2	Durante o curso realizarase unha proba intermedia sen previo aviso.	10
Presentación oral	A9 A10 A13 B2 B3 B4	Pedirase aos estudantes que presenten na aula un caso práctico que deberán resolver previamente e traballando en grupo. Na valoración deste caso práctico terase en conta o rigor na súa resolución, a presentación feita na aula e a resposta ás preguntas formuladas por profesorado e estudantes.	20
Proba práctica	A9 A12 B2 B3 C3	Ao inicio de cada unha das sesións destinadas a discutir exercicios e casos prácticos (clase ou titoría grupal), o docente poderá presentar aos estudantes un pequeno exercicio, similar aos propostos para realizar fóra da aula, que deberá ser resolto de xeito individual no tempo marcado polo docente. Ao remate do curso, seleccionaranse aleatoriamente catro desas probas para seren avaliadas.	40
Proba obxectiva	A4 B2	No día e hora fixados polo centro, realizarase un exame final que representa unha avaliación global da materia.	30

Observacións avaliación



A metodoloxía proposta persigue dous obxectivos básicos: i) incentivar ao alumnado para que traballe de xeito continuado ao longo do curso e ii) fomentar a autonomía do estudante no proceso de aprendizaxe. Con este fin, ao estudante pídeselle que:

- a) Semanalmente realice os exercicios e casos prácticos propostos polo profesorado da materia. Recoméndase o traballo en equipo para discutir as posibles solucións.
- b) Prepare, en grupo e seguindo as indicacións do equipo docente da materia, un caso práctico de análise de estados financeiros para ser presentado na aula na data marcada polo profesorado da materia.
- c) Asista con aproveitamento aos eventos académicos de interese para a materia programados pola FEE.
- d) Participe activamente nas discusións promovidas na clase, así coma naquelas que xurdan no foro virtual. Valorarase, tanto o rigor nos argumentos utilizados, consecuencia da súa preparación previa, como a habilidade para presentar e defender o seu punto de vista fronte ao dos seus compañeiros.

A participación activa na aula/foro, xunto coa asistencia con aproveitamento a eventos académicos (avaliarase a través dun pequeno cuestionario), permitirá ao estudante compensar con ata un punto a cualificación total obtida nas probas escritas realizadas durante o curso, sen superar o máximo que corresponde a esta avaliación (cinco puntos). Deste xeito, o estudante que, por calquera razón, non realice algunha das probas escritas de avaliación continua (probas de resposta múltiple ou probas prácticas) será cualificado con un cero nesa proba, pero esa cualificación poderá ser substituída pola nota obtida coa súa participación na clase e en eventos académicos. Isto é, dos seis elementos a ter en conta (unha proba intermedia, catro probas prácticas e participación), elixiranse os cinco que presenten as maiores cualificacións.

Proba substitutiva das actividades de avaliación continua.

Os estudantes en réxime de dedicación parcial que non podan asistir a clase, os que por mor da COVID non podan participar en algunhas actividades de avaliación continua e aqueles que na segunda oportunidade non desexen conservar a nota de avaliación continua acadada na primeira oportunidade, poderán realizar unha proba substitutiva das actividades de avaliación continua. Esta proba será total ou parcialmente oral, versará sobre calquera aspecto teórico ou práctico traballado ao longo do curso e representará o 70% da cualificación final.

NORMATIVA DE AVALIACIÓN

a) Condicións de realización de exames. No caso de que o exame se realice en papel, está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. b) Identificación do estudante: O estudante ha de acreditar a súa identidade de acordo coa normativa vixente. c) Cualificación de non presentado. Corresponde ao alumnado que só teña participado en actividades de avaliación que supoñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da nota acadada. OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓNa) Primeira oportunidade: 70% avaliación continua (segundo o descrito no apartado 7 desta guía) e 30% exame final.b) Segunda oportunidade: 70% avaliación continua e 30% exame final. No que respecta á avaliación continua, o estudante poderá elixir entre manter a nota acadada durante o cuadrimestre ou realizar a proba substitutiva das actividades de avaliación continua descrita anteriormente. c) Oportunidade adiantada: Realizarase unha única proba, total ou parcialmente oral, destinada a avaliar todos os contidos e competencias da materia. A nota desta proba representará o 100% da cualificación.Exames e probas en Moodle

No caso de que se realicen probas ou exames finais en Moodle, levarase a cabo unha ?auditoría? a través dunha proba oral destinada a recoller evidencia de que o estudante realizou o exame sen axuda. De non obter esta evidencia, a cualificación será cero.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Arquero Montaña, J. L., Jiménez Cardoso, S.M. y Ruiz Albert, I. (2015). Introducción a la Contabilidad Financiera. Pirámide- Bonsón, E., Cortijo, V. y Flores, F. (2009). Análisis de Estados Financieros: Fundamentos Teóricos y Prácticos. Pearson Education- Corona Romero, E., Bejarano Vázquez, V. y González García, J. R. (2014). Análisis de Estados Financieros Individuales y Consolidados. UNED- Larrán Jorge, M. (Coord.) (2009). Fundamentos de Contabilidad Financiera. Pirámide- Muñoz Jiménez, J. (2008). Contabilidad Financiera. Pearson Education- Muñoz Merchante, A. (2014). Introducción a la Contabilidad Financiera. Ediciones Académicas- Phillips, F., Libby, R., and Libby, P.A. (2006). Fundamentals of Financial Accounting. McGraw Hill- Reverte Maya, C. (2014). Exercises of Financial Accounting. Ecobook- Rivero Menéndez, M. J. y Camacho Miñano, M. M. (2010). Introducción a la Contabilidad Financiera. Pearson Education- Sutton, T. (2004). Corporate Financial Accounting and Reporting. Prentice Hall
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Horngren, C.T.; Harrison, W.T y Bamber, L. S. (2003). Contabilidad. Pearson- Solà Tey, Magda y Vilardell Riera, Inmaculada (2009). Introducción a la Contabilidad General. McGraw Hill

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise das Operacións Financeiras/611G01004

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G01008

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Sustentabilidade1. Todo o intercambio de documentos e traballos entre profesorado e alumnado realizarase en formato dixital, preferentemente Moodle.2. Promoveranse os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.Perspectiva de xénero3. Incorporase a perspectiva de xénero a través do uso de linguaxe non sexista, o emprego de exemplos e casos prácticos onde mulleres e homes se presenten como semellantes na súa relevancia profesional, o uso de bibliografía de autores de ambos os sexos, promovendo a intervención en clase de alumnas e alumnos, ...4. Traballarase para modificar prexuízos e actitudes sexistas e para fomentar valores de respecto e igualdade.5.- No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero, proporanse accións e medidas para corrixilas.Atención á diversidade

6. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades para un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías